



Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba o calendario para a tramitación de verificacións e modificacións substanciais de titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade da Coruña (implantación no curso 2028/29)

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, establece nos seus artigos 26, 32 e 33 o procedemento que deben seguir as universidades para a verificación e modificación substancial dos plans de estudos das ensinanzas universitarias oficiais de grao e mestrado.

Así mesmo, o procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e máster da ACSUG determina os cambios que poden considerarse modificacións substanciais e prevé que aquelas propostas que supoñan, a xuízo das comisións de avaliación, o deseño dun novo título sexan tramitadas como unha nova verificación.

Pola súa parte, o procedemento para a modificación substancial de títulos de grao e mestrado impartidos na UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 1 de outubro de 2024, establece os pasos que deben seguir os centros para a tramitación destas propostas.

Co fin de posibilitar a implantación no curso 2028/29 das novas titulacións oficiais e das modificacións substanciais dos títulos xa verificados, elaborouse un documento que establece o procedemento interno e o calendario que deberán seguir os centros e os órganos universitarios implicados na súa tramitación.

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de xullo de 2026, acordou a aprobación do calendario para a tramitación de verificacións e modificacións substanciais de titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade da Coruña (implantación no curso 2028/29), que figura como Anexo

O reitor



Calendario para a tramitación de verificacións e modificacións substanciais de titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade da Coruña (implantación no curso 2028/29)

O [Real decreto 822/2021](#), do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, establece nos artigos 26, 32 e 33 o procedemento que deben seguir as universidades tanto para verificar como para modificar de xeito substancial os plans de estudos de ensinanza oficiais de grao e mestrado.

O [procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e máster da ACSUG](#) determina cales son os cambios na memoria de verificación dos títulos de grao e mestrado que poden considerarse substanciais. Ademais, establece que se a proposta de modificación que se presenta supón, a xuízo das comisións de avaliación da ACSUG, un cambio que requira o deseño dun novo título, esta axencia emitirá un informe en que instará a verificalo.

Pola súa parte, o [procedemento para a modificación substancial de títulos de grao e mestrado impartidos na UDC](#), aprobado polo Consello de Goberno o 1 de outubro de 2024, establece os pasos que deben seguir os centros, estean ou non acreditados institucionalmente.

Este documento ten por finalidade establecer o calendario e o procedemento interno para a tramitación das verificacións e modificacións substanciais de titulacións oficiais de grao e mestrado, co fin de posibilitar a súa implantación no curso 2028/29.

1. Procedemento

As propostas tramitaranse de acordo co calendario establecido no punto 2 deste documento, seguindo o procedemento que se indica a continuación.

1.1 Declaración de interese

A xunta do centro responsable da titulación ou da proposta na UDC aprobará a declaración de interese para a presentación dunha nova proposta de grao ou mestrado ou dunha modificación substancial dun título xa verificado. A declaración de interese formalizarase mediante o formulario que corresponda: [Declaración de interese de presentación dun novo título de grao ou máster](#) ou [Declaración de interese de modificación substancial dun título de grao ou máster](#), publicados na páxina web da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VTI).

A declaración de interese será elevada ao Consello de Goberno para a súa aprobación. Unha vez comunicado ao centro o acordo adoptado, iniciárase a elaboración da memoria.



1.2 Elaboración da memoria

O centro elaborará a memoria de verificación da proposta que deberá ir acompañada, de acordo coa [Orde do 20 de marzo de 2012](#) da Xunta de Galicia, da memoria xustificativa dos requisitos, da memoria económica e, de ser o caso, dos convenios de participación. Estas memorias deberán deixar constancia da realización de estudos de demanda; a participación dos grupos de interese na elaboración da proposta; a oportunidade estratéxica formativa, de especialización ou socioeconómica; a inexistencia dunha oferta similar na UDC ou no SUG; e calquera outra evidencia ou outro estudo que xustifique a implantación da nova proposta.

No caso das modificacións substanciais, achegarase ademais un documento no que se identifiquen de forma detallada os cambios introducidos respecto da memoria vixente.

Os modelos da memoria de verificación e da documentación complementaria necesaria para a súa elaboración estarán dispoñibles na páxina web de VTI, no apartado [Novas propostas e modificacións de títulos](#).

1.3 Tramitación institucional

A xunta do centro aprobará a memoria de verificación, a memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos e a memoria económica, que remitirá a VTI para o inicio da súa exposición pública e a súa revisión técnica.

Unha vez finalizado o período de exposición pública, o centro analizará as alegacións presentadas e dará resposta a estas. Así mesmo, analizará os informes técnicos emitidos por VTI, dará resposta ás observacións formuladas e incorporará, na medida do posible, as modificacións propostas.

A xunta do centro aprobará a proposta definitiva e remitiraa á VTI. A Comisión de Plans de Estudos analizará a proposta definitiva e emitirá o correspondente informe para a súa aprobación polo Consello de Goberno e o Consello Social.

1.4 Remisión á Secretaría Xeral de Universidades

Unha vez aprobada a proposta polos órganos competentes da UDC, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización remitiralla á Secretaría Xeral de Universidades para a emisión do informe sobre a necesidade e a viabilidade académica e social da titulación.

1.5 Incorporación da memoria na sede electrónica

O centro solicitante incorporará as memorias de verificación dos títulos, tanto se se trata de novas propostas como de modificacións, na plataforma da sede electrónica do ministerio con competencias en materia de universidades, unha vez que se reciba



da Secretaría Xeral de Universidades o informe favorable respecto da necesidade e a viabilidade académica e social do título. O/A decano/a ou director/a do centro implicado e máis o/a solicitante designado/a polo centro daranse de alta na [sede electrónica do dito ministerio](#). Comunicaranlle os seus nomes, para a asignación de roles, a vicerreitoría con competencias en materia de títulos, que, pola súa vez, daralles as instrucións oportunas para acceder e cubrir a memoria na sede electrónica deste ministerio.

As propostas que non se presenten nos prazos establecidos non poderán tramitarse para a súa implantación no curso académico previsto e deberán agardar á seguinte convocatoria.

2. Calendario de tramitación

O calendario que se recolle a continuación establece os prazos para a tramitación das novas propostas e modificacións substanciais de titulacións oficiais de grao e mestrado con implantación no curso 2028/29.

No caso das titulacións interuniversitarias, a persoa coordinadora da UDC deberá garantir que toda a documentación remitida á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (declaración de interese, memorias e restante documentación asociada) coincida coa tramitada pola universidade coordinadora do título.

Data límite	Órgano responsable	Actividades que debe realizar o órgano responsable	Observacións
23 de outubro de 2026	Xunta de centro (XC)	Aprobar a declaración de interese de presentación do grao/mestrado, coa composición da comisión redactora da memoria. Remitirle á vicerreitoría con competencias en materia de títulos a memoria e difundila entre a comunidade universitaria.	Á declaración de interese anexarase o acordo da XC, que estará certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro.



Data límite	Órgano responsable	Actividades que debe realizar o órgano responsable	Observacións
Novembro de 2026	Vicerreitoría con competencias en materia de títulos	Aprobar as declaracións de interese no Consello de Goberno. Darlle unha resposta aos decanatos e ás direccións dos centros sobre a declaración de interese.	A comunicación aos centros realizarase por correo electrónico.
26 de febreiro de 2027	XC	Aprobar a memoria de verificación, a memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos e a memoria económica. Remitirle estes documento á vicerreitoría con competencias en materia de títulos para o inicio da súa exposición pública e a presentación de alegacións ante a XC.	Á documentación remitida anexarase o acordo da XC, que estará certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro. No caso das modificacións substanciais, enviarase o informe do SIGC do centro. O período de exposición pública finalizará o 17 de marzo de 2027.
5 de abril de 2027	Vicerreitoría con competencias en materia de títulos	Revisar a memoria de verificación inicial e remitir os informes técnicos pertinentes.	Os informes técnicos serán elaborados polo Servizo de Organización Académica (SOA) e a Unidade Técnica de Calidade (UTC) en coordinación coa vicerreitoría con competencias en materia de títulos.



Data límite	Órgano responsable	Actividades que debe realizar o órgano responsable	Observacións
30 de abril de 2027	XC	Elaborar unha resposta ás alegacións presentadas e aprobar a proposta definitiva das memorias de verificación, xustificativa e económica. Remitirle esta proposta definitiva á vicerreitoría con competencias en materia de títulos.	Á documentación remitida anexarase o acordo da XC, que estará certificado pola/o secretaria/o académica/o do centro.
12-14 de maio de 2027	Comisión de Plans de Estudos	Pronunciarse sobre as propostas e informar ao respecto.	Os convenios de titulacións interuniversitarias deberán ser firmados por todas as universidades participantes antes de que o Consello de Goberno aprobe as titulacións. O proceso de sinatura será iniciado e xestionado pola universidade coordinadora.
24-28 de maio de 2027	Consello de Goberno/Conse llo Social	Aprobar os títulos o Consello de Goberno e o Consello Social da UDC.	
2 de xuño de 2027	Vicerreitoría con competencias en materia de títulos	Remitirle os títulos á Secretaría Xeral de Universidades (SXU).	—



Data límite	Órgano responsable	Actividades que debe realizar o órgano responsable	Observacións
Xullo/setembro de 2027	Responsable do título/vicerreitoría con competencias en materia de títulos	Incorporar as memorias dos títulos aprobados na sede electrónica. Remitirle a documentación ao ministerio con competencias en materia de universidades.	Obtido o informe favorable de envío a verificación por parte da SXU, iniciárase o proceso de incorporar a memoria de verificación na sede electrónica do ministerio con competencias en materia de universidades.